

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso académico 2025/26.

O Estatuto de autonomía para Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego e potenciar o seu emprego.

Neste sentido, o artigo 1 do Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dispón que lle corresponde a esta consellería a promoción e o ensino da lingua galega. Pola súa banda, o artigo 1 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional dispón que este é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.

O artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4 do artigo 60, dispónse que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

No punto 4 do artigo 4 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispónse que as escolas oficiais de idiomas poderán deseñar cursos especializados como parte da súa oferta educativa, consonte o que estableza a consellería competente en materia de educación.

Na Orde do 29 de xullo de 2022 pola que se fai pública a oferta educativa das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do curso escolar 2022/23,

CVE-DOG: zmivak83-zzw1-bhx9-t2z8-whqk9jaxx50



inclúese a oferta de cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega (Celga).

No punto 9.2.2. da Resolución do 27 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2025/26, establece que os cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) e os cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega (Celga) serán impartidos polo profesorado con destino nos departamentos didácticos de galego das EOI e que estes cursos, que terán carácter gratuíto, impartiranse de acordo coas directrices que estableza a Secretaría Xeral da Lingua e serán obxecto dunha normativa específica por parte da Dirección Xeral de Formación Profesional.

En consecuencia, no uso das funcións que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten atribuídas,

RESOLVO:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Primeiro. *Obxecto*

Convocar, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior en liña, e cursos preparatorios para a consecución dos certificados de lingua galega (Celga), para o curso 2025/26, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican nos anexos I e II, respectivamente.

Segundo. *Cursos que se ofertan*

1. Os cursos de linguaxe administrativa galega ofertados nas distintas escolas oficiais de idiomas de Galicia figuran no anexo I desta resolución. Os cursos do primeiro cuatrimestre impartiranse entre setembro e decembro; os do segundo cuatrimestre, entre xaneiro e abril.

2. A oferta dos cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, figura no anexo II desta resolución. Os cursos do primeiro cuatrimestre impartiranse entre setembro e decembro; os do segundo cuatrimestre, entre febreiro e maio.

CVE-DOG: zmvak83-zzw1-bhx9-t2z8-whqk9jaxx50



3. A oferta de cursos recollida nos anexos I e II desta resolución poderá ser modificada en función da organización académica de cada escola, caso en que as escolas oficiais de idiomas farán pública a nova oferta con anterioridade suficiente ao inicio dos cursos.

Terceiro. Solicitudes e prazos de inscrición

1. As persoas que desexen participar nos cursos convocados nesta resolución deberán cubrir o formulario de inscrición telemática na ligazón www.eoidigital.com/preinslinguagalega. O proceso de inscrición non se considerará correctamente completado ata que as persoas seleccionadas presenten toda a documentación requirida, como se especifica no punto quinto desta resolución.

2. O prazo para a presentación das solicitudes será o seguinte:

- Desde o 30 de xuño ata o 11 de xullo de 2025, para os cursos do primeiro cuatrimestre;
- Desde o 10 ata o 21 de novembro de 2025, para os cursos do segundo cuatrimestre.

Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que sexan presentadas fóra de prazo.

3. O alumnado con discapacidade recoñecida oficialmente farao constar na súa solicitude. A escola poñerá esta circunstancia en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes do departamento territorial respectivo, no prazo máximo dun mes, contado a partir do último día establecido para a presentación da documentación (punto quinto desta resolución), para que se determinen as adaptacións pertinentes.

4. As persoas aspirantes que se atopen nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 162 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro), farano constar na súa solicitude e terán preferencia no acceso a estes cursos.

5. A falsidade ou a ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

Cuarto. Asignación das prazas

1. Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25.

No caso de que un curso non acade o número mínimo de solicitantes, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá autorizar expresamente a súa realización. No



caso de non realizarse o curso, a escola oficial de idiomas comunicarálle ás persoas solicitantes.

2. Se un curso ten un número de solicitantes que cumpran os requisitos maior que o número de prazas dispoñibles, a asignación farase por sorteo.

No momento de cubrir o formulario de inscrición, a aplicación asignaralle un número a cada solicitude, independentemente da escola e curso solicitado. Para a asignación de prazas, o sistema informático obterá un número de corte por curso a partir do cal se asignarán as vacantes dispoñibles. Este número obtense aleatoriamente entre todos os números asignados a cada solicitante dese curso. A adxudicación de prazas realizarase por persoa, empezando pola solicitude que teña o número obtido no sorteo, respectando a orde de preferencia indicada na solicitude e pasando á seguinte persoa cando se lle asigne praza nun grupo ou cando non obteña praza en ningún dos grupos solicitados.

3. A obtención do número para a adxudicación das prazas realizarase en acto público na EOI de Vigo (avenida de Emilio Martínez Garrido, 17, Vigo), nos días que se indican a seguir:

– Para a adxudicación das prazas nos cursos do primeiro cuadrimestre, o 14 de xullo de 2025 ás 10.00 horas. O día 15 de xullo o alumnado poderá consultar no enderezo www.eoidigital.com/preinslinguagalega se foi admitido.

– Para a adxudicación das prazas nos cursos do segundo cuadrimestre, o día 24 de novembro de 2025 ás 10.00 horas. O día 25 de novembro o alumnado poderá consultar no enderezo www.eoidigital.com/preinslinguagalega se foi admitido.

Quinto. *Presentación da documentación*

1. Unha vez rematado o proceso de asignación de prazas, o alumnado seleccionado deberá entrar de novo na aplicación para presentar a documentación que se especifica nos puntos sétimo (para os cursos de LAG) e décimo segundo desta resolución (para os cursos de preparación á obtención dos Celga).

2. O prazo para a presentación desta documentación será o seguinte:

- Do 15 ata o 24 de xullo de 2025, para os cursos do primeiro cuadrimestre;
- Do 25 de novembro ata o 5 de decembro de 2025, para os cursos do segundo cuadrimestre.



3. A documentación presentárase de forma telemática desde o enderezo www.eoidigital.com/preinslinguagalega. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As escolas poderanlle solicitar ao alumnado a presentación dos documentos orixinais para o cotexo da copia electrónica presentada.

4. A falta de presentación destes documentos no prazo establecido dará lugar á exclusión da persoa solicitante previamente seleccionada e a escola disporá da súa praza para ser ocupada pola persoa correspondente da listaxe de agarda.

Sección 2ª. Características dos cursos de linguaxe administrativa galega

Sexto. Persoas destinatarias dos cursos

1. Os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior van dirixidos a empregadas/os públicas/os das seguintes administracións:

- Administración autonómica galega;
- Administración local galega;
- Administración periférica do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán admitidas nos cursos as persoas pertencentes aos seguintes colectivos:

- Persoal docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional;
- Persoal sanitario. Non se consideran pertencentes ao persoal sanitario as persoas empregadas públicas da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, que si poderán solicitar a admisión nestes cursos.

2. Toda persoa solicitante deberá encontrarse en situación de servizo activo, ou nunha das circunstancias descritas no punto 4 do punto terceiro desta resolución.

3. Para acceder ao curso medio de linguaxe administrativa as persoas aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos certificados seguintes: Celga 4, cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso



básico para o persoal da Administración de xustiza ou curso básico de linguaxe administrativa sanitaria.

4. Para acceder ao curso superior de linguaxe administrativa, as persoas aspirantes deberán estar en posesión dalgún dos certificados seguintes: curso medio de linguaxe administrativa galega, curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes, que se establecen no punto 2 do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño) pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

5. Poderán tamén solicitar a realización destes cursos as persoas maiores de dezaseis anos que non sexan empregadas públicas e posúan os certificados ou acreditacións equivalentes recollidos nos parágrafos anteriores. Neste suposto só se poderá optar ás prazas ofertadas para cada curso no caso de que estas non sexan cubertas por empregadas/os públicas/os.

6. As persoas solicitantes destes cursos poderán presentar unha única solicitude de inscrición por cuatrimestre con dúas preferencias priorizadas de grupos. En caso de adxudicación de praza en máis dun curso, deberase optar por un só curso nunha soa escola.

7. As persoas solicitantes deberán dispoñer dun equipamento informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Ordenador con conexión á internet;
- Navegador web;
- Conta de correo electrónico especificada na solicitude;
- Micrófono ou calquera medio alternativo que permita a gravación de voz.

Sétimo. *Documentación*

1. No prazo establecido no punto 2 do punto quinto desta resolución, as persoas seleccionadas deberán entrar de novo na aplicación para presentar a seguinte documentación:

– Unha copia do DNI ou NIE (esta non será necesaria se a persoa xa foi alumna desa escola). No caso de identificarse cun documento distinto do DNI ou do NIE, a persoa aspirante terá que realizar o trámite na secretaría da escola onde se matricule.

CVE-DOG: zmivak83-zzw1-bhx9-t2z8-whqk9jaxx50



– O xustificante de ser persoal dunha das administracións públicas de Galicia en situación de servizo activo.

– Para o curso medio de linguaxe administrativa, algún dos certificados establecidos no punto 3 do punto sexto desta resolución.

– Para o curso superior de linguaxe administrativa, algún dos certificados establecidos no punto 4 do punto sexto desta resolución.

– Un certificado que acredite que a persoa se encontra nunha das circunstancias indicadas no punto 4 do punto terceiro de esta resolución, de ser o caso.

– O certificado acreditativo do grao de discapacidade, de ser o caso.

2. As listaxes de persoas admitidas serán remitidas á Dirección Xeral de Formación Profesional. Tamén se remitirán as listaxes de agarda. Estas listaxes deberán incluír os seguintes datos: apelido 1, apelido 2, nome, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto en columnas distintas, segundo o modelo que proporcionará a dita dirección xeral.

3. O alumnado admitido nestes cursos deberá activar correctamente unha conta de usuario «edu.xunta.gal», con carácter previo á data de inicio do curso e dentro do prazo que fixe a coordinación dos cursos. De non facelo así, será excluído do curso e incluírase a persoa correspondente da listaxe de agarda.

Oitavo. *Datas de realización dos cursos*

1. Os cursos do primeiro cuadrimestre comezarán o día 29 de setembro de 2025 e rematarán o 30 de novembro de 2025.

2. Os cursos do segundo cuadrimestre comezarán o día 12 de xaneiro de 2026 e rematarán o 22 de marzo de 2026.

3. De xeito excepcional, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá modificar as datas de inicio e remate dos cursos, así como as datas de realización das probas finais dos cursos de linguaxe administrativa galega e da publicación das cualificacións, recollidas no punto 4 do punto noveno. Nese caso, o alumnado será informado coa suficiente antelación a través da aula virtual.



Noveno. Contidos, profesorado, avaliación e probas finais**1. Contidos.**

Os cursos medio e superior de linguaxe administrativa galega terán unha duración de 75 horas e axustaranse aos contidos sinalados nos anexos I e II, respectivamente, da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño) pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas.

Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

2. Profesorado.

Corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego con destino nas escolas oficiais de idiomas titorizar os contidos sinalados na Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG núm. 121, do 24 de xuño), de acordo coa programación establecida pola Secretaría Xeral da Lingua para estes cursos, así como levar os correspondentes rexistros de asistencia e, cando corresponda, avaliar o alumnado.

Unha vez rematados os cursos, o profesorado deberá entregar nos respectivos gabinetes provinciais de normalización lingüística a acta final do curso asinada polo/a titor/a e, de ser o caso, as probas finais que avalíase xunto cos cadernos de avaliación correspondentes.

3. Avaliación.

A avaliación que se efectúe nestes cursos será progresiva e continua, e terá en conta, entre outros elementos, o dominio da materia, a visualización dos contidos na aula virtual e a realización das actividades e das probas programadas.

Para poder superar os cursos será obrigatorio realizar unha serie de actividades que serán indicadas na programación didáctica do curso. A non realización das actividades obrigatorias nos prazos estipulados suporá a perda automática do dereito a participar na proba final.

Ao finalizar o curso, as persoas con dereito a examinarse terán que realizar unha proba final de carácter presencial, que constará de dúas partes, unha escrita e outra oral.



Para adquirir o dereito ao diploma é necesario superar o conxunto das partes, actividades obrigatorias e probas finais, segundo o sistema de avaliación establecido pola Secretaría Xeral da Lingua, e cumprir os demais requisitos sinalados con anterioridade.

4. Probas finais.

As probas finais serán elaboradas pola Secretaría Xeral da Lingua e terán carácter unificado. A proba escrita realizarase de forma presencial nos lugares que se determinen, que serán publicados coa debida antelación, nas datas e nas horas que se indican a seguir:

– A proba final escrita para os cursos do primeiro cuadrimestre realizarase entre o 2 e o 5 de decembro de 2025 ás 10.00 h, para os cursos de linguaxe media, e ás 12.00 h, para os cursos de linguaxe superior. A data da proba será indicada ao inicio do curso.

– A proba final escrita para os cursos do segundo cuadrimestre realizarase entre o 23 e o 27 de marzo de 2026 ás 10.00 h, para os cursos de linguaxe media, e ás 12.00 h, para os cursos de linguaxe superior. A data da proba será indicada ao inicio do curso.

As datas da proba oral serán fixadas por cada EOI e deberá informarse o alumnado cunha antelación mínima dunha semana con respecto á súa realización. Estas datas faranse públicas na aula virtual.

Unha vez rematado o proceso de avaliación, o alumnado poderá consultar a súa cualificación na aplicación, na mesma ligazón no que fixo a inscrición. A data límite para a introdución das notas na aplicación será o día 18 de decembro de 2025, para os cursos do primeiro cuadrimestre; e o día 14 de abril de 2026, para os cursos do segundo cuadrimestre. Ao alumnado que acade a cualificación de apta/o remitiráselle por correo electrónico o correspondente certificado asinado pola persoa responsable da Secretaría Xeral da Lingua.

Décimo. *Procedemento de reclamación*

As reclamacións relacionadas coa cualificación outorgada presentaranse ante a dirección da escola respectiva nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación dos resultados. A dirección da escola remitirá estas reclamacións á Secretaría Xeral da Lingua para que sexan estudadas por unha comisión técnica de avaliación, que estará formada pola subdirectora xeral de Política Lingüística, polo coordinador de cursos de linguaxes específicas e por dúas persoas lingüistas da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia. Esta comisión emitirá un informe, nun prazo non superior a dez días



hábeiles, para o que poderá solicitar información do profesorado que titorizou o curso. Este informe servirá de base para a resolución por parte da dirección da escola.

De continuar en desacordo coa cualificación, o alumnado poderá interpoñer un recurso de alzada perante o respectivo departamento territorial da consellería competente en materia de educación contra a resolución da dirección da escola, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa recepción.

Sección 3ª. Características dos cursos Celga

Décimo primeiro. Persoas destinatarias dos cursos

1. Os cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral da Lingua para certificar a súa competencia en lingua galega.

2. As persoas solicitantes destes cursos poderán presentar unha única solicitude de inscrición por cuatrimestre con tres preferencias priorizadas de grupos. En caso de adxudicación de praza en máis dun curso, deberán optar por un só curso nunha soa escola.

3. Para conseguir o axeitado rendemento e o aproveitamento do curso deberá garantirse a homoxeneidade dos coñecementos do alumnado. Polo tanto, á hora de formular a solicitude dun curso dun determinado nivel Celga, as persoas solicitantes deberán ter en conta a definición de contidos previstos no anexo III da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 146, do 30 de xullo (corrección de erros no DOG núm. 178, do 13 de setembro).

Décimo segundo. Documentación

No prazo establecido no punto 2 do punto quinto desta resolución, o alumnado seleccionado deberá entrar de novo na aplicación para presentar a seguinte documentación:

– Unha copia do DNI ou NIE (esta non será necesaria se a persoa xa foi alumna desa escola). No caso de identificarse cun documento distinto do DNI ou do NIE, a persoa aspirante terá que realizar o trámite na secretaría da escola onde se matricule.



– Un certificado que acredite que a persoa se encontra nunha das circunstancias indicadas no punto 4 do punto terceiro de esta resolución, de ser o caso.

– O certificado acreditativo do grao de discapacidade, de ser o caso.

Décimo terceiro. *Datas de realización dos cursos*

As datas de inicio e remate dos cursos que figuran no anexo II son orientativas. As datas concretas de inicio faranse públicas nos taboleiros de anuncios e na páxina web da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso.

Décimo cuarto. *Contidos e profesorado*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados no anexo III da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

2. Cada curso terá unha duración de 60 horas presenciais.

3. Corresponderalle ao profesorado dos departamentos didácticos de galego das escolas oficiais de idiomas programar e impartir os contidos sinalados na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003, de conformidade coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

5. A realización do curso non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega Celga. Estas probas venas convocando dúas veces ao ano a Secretaría Xeral da Lingua e, de ser superadas, darán dereito á expedición dos correspondentes certificados por parte da dita secretaría xeral.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

María Eugenia Pérez Fernández
Directora xeral de Formación Profesional

CVE-DOG: zmivak83-zzw1-bhx9-t2z8-whqk9jaxx50



ANEXO I**Relación de cursos de linguaxe administrativa en liña ofertados**

EOI da Coruña.

Rúa da Educación, 1.

15011 A Coruña.

Teléfono: 981 27 91 00.

Correo electrónico: eoi.corunha@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Superior	Setembro 2025	Decembro 2025
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Santiago de Compostela.

Ulpiano Villanueva, 1-2.

15705 Santiago de Compostela.

Teléfono: 881 86 79 01.

Correo electrónico: eoi.santiago@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Lugo.

Ronda Músico Xosé Castiñeira, 1.

27002 Lugo.

Teléfono: 982 82 92 30.

Correo electrónico: eoi.lugo@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Medio	Xaneiro 2026	Abril 2026
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Ourense.

Paseo Mestre Vide, s/n.

32004 Ourense.



Teléfono: 988 36 60 73.

Correo electrónico: eoi.ourense@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Pontevedra.

Celso Emilio Ferreiro, s/n.

36005 Pontevedra.

Teléfono: 886 15 91 16.

Correo electrónico: eoi.pontevedra@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Superior	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Vigo.

Avenida Emilio Martínez Garrido, 17.

36205 Vigo.

Teléfono: 986 26 02 10.

Correo electrónico: eoi.vigo@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Superior	Setembro 2025	Decembro 2025
Medio	Xaneiro 2026	Abril 2026

EOI de Vilagarcía de Arousa.

Rúa Entrante, 7.

36600 Vilagarcía de Arousa.

Teléfono: 986 56 64 40.

Correo electrónico: eoi.vilagarcia@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin
Medio	Setembro 2025	Decembro 2025
Medio	Xaneiro 2026	Abril 2026

ANEXO II

Relación de cursos Celga ofertados

EOI da Coruña.

Rúa da Educación, 1.



15011 A Coruña.

Teléfono: 981 27 91 00.

Correo electrónico: eoi.corunha@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	--	Das 19.30 ás 21.30 horas	Luns e mércores
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 19.30 ás 21.30 horas	Luns e mércores

EOI de Santiago de Compostela.

Ulpiano Villanueva, 1-2.

15705 Santiago de Compostela.

Teléfono: 881 86 79 01.

Correo electrónico: eoi.santiago@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.30 ás 19.30 horas	Luns e mércores
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 11.00 ás 13.00 horas	—	Martes e venres
Celga 3	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 11.00 ás 13.00 horas	—	Martes e venres
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 11.00 ás 13.00 horas	—	Martes e xoves
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.30 ás 19.30 horas	Mércores e venres
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 11.00 ás 13.00 horas	—	Martes e xoves
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 17.30 ás 19.30 horas	Mércores e venres

EOI de Lugo.

Ronda Músico Xosé Castiñeira, 1.

27002 Lugo.

Teléfono: 982 82 92 30.

Correo electrónico: eoi.lugo@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 12.00 horas	—	Mércores e venres
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 12.00 horas	—	Mércores e venres
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 10.30 ás 13.00 horas	—	Luns e mércores
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves
Celga 3	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 10.30 ás 13.00 horas	—	Luns e mércores



Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 3	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 12.00 horas	—	Mércores e venres
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 12.00 horas	—	Mércores e venres
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 18.30 ás 21.00 horas	Martes e xoves

EOI de Ourense.

Paseo Mestre Vide, s/n.

32004 Ourense.

Teléfono: 988 36 60 73.

Correo electrónico: eoi.ourense@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 10.00 ás 12.30 horas	—	Martes e venres
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 17.00 ás 19.30 horas	Luns e mércores
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 19.00 ás 21.30 horas	Martes e xoves
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.00 ás 19.30 horas	Luns e mércores
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 10.00 ás 12.30 horas	—	Martes e venres

EOI de Pontevedra.

Celso Emilio Ferreiro, s/n.

36005 Pontevedra.

Teléfono: 886 15 91 16.

Correo electrónico: eoi.pontevedra@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Luns, xoves e venres
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Luns, xoves e venres
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 11.30 ás 13.30 horas	—	Luns, xoves e venres
Celga 3	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 11.30 ás 13.30 horas	—	Luns, xoves e venres
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Luns, mércores e venres
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Luns, mércores e venres

EOI de Vigo.

Avenida Emilio Martínez Garrido, 17.

36205 Vigo.

CVE-DOG: zmvak83-zzw1-bhx9-t2z8-whqk9jx50



Teléfono: 986 26 02 10.

Correo electrónico: eoi.vigo@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Martes e xoves
Celga 2	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.00 ás 19.00 horas	Luns e mércores
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Martes e xoves
Celga 2	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 17.00 ás 19.00 horas	Luns e mércores
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Martes e xoves
Celga 3	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Martes e xoves
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Luns e xoves
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Mércores e venres
Celga 4	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.00 ás 19.00 horas	Luns e mércores
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	Das 9.30 ás 11.30 horas	—	Mércores e venres
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 17.00 ás 19.00 horas	Luns e mércores

EOI de Vilagarcía de Arousa.

Rúa Entrante, 7.

36600 Vilagarcía de Arousa.

Teléfono: 986 56 64 40.

Correo electrónico: eoi.vilagarcia@edu.xunta.gal

Nivel	Data de inicio	Data de fin	Horarios		Días
			Mañá	Tarde	
Celga 3	Setembro 2025	Decembro 2025	—	Das 17.00 ás 19.30 horas	Martes e xoves
Celga 4	Febreiro 2026	Maio 2026	—	Das 17.00 ás 19.30 horas	Martes e xoves

